

POLÍTICA DO SISTEMA DE XESTIÓN INTEGRADO

HESTIA ALLIANCE, é un grupo de xestión líder en asistencia sociosanitaria, en saúde mental e na atención residencial asistida, que declara o seu compromiso de desenvolver, manter e mellorar continuamente o seu sistema de xestión integrado, co fin de cumprir:

- Os requisitos das normas ISO 9001, ISO 14001, ISO 45001, en materia de calidade, xestión ambiental, seguridade e saúde laboral.
- A lexislación vixente.
- Todos aqueles requisitos e necesidades dos nosos principais grupos de interese.
- Os requisitos e guías que establezan as administracións das distintas comunidades autónomas nas que teñamos presenza.

O sistema de xestión seguirá as directrices do Modelo EFQM co fin de orientar as nosas actuacións cara á excelencia.

A nosa estratexia baséase en prestar servizos de atención personalizada seguindo un modelo de xestión común, que garanta un servizo de alta calidade en todos os ámbitos da asistencia.

Para levar a cabo esta estratexia establecemos os seguintes principios, que se desenvolven en políticas, plans, obxectivos e programas de mellora e revisión continua:

- Enfoque claro para conseguir superar as expectativas dos nosos usuarios e das entidades coas que colaboramos.
- Implantación de prácticas seguras e minimización do risco asistencial.
- Protección do medio ambiente e prevención, control e minimización do impacto ambiental.
- Protección da saúde e da integridade das nosas persoas, previndo riscos laborais, que permita o seu desenvolvemento profesional.
- Innovación e mellora continua dos nosos procesos e dos nosos servizos.
- Medición, seguimento e monitorización de indicadores clave para asegurar que o sistema se mantén e mellora de forma continuada.
- Fomento da cultura de seguridade e da xestión de riscos, tanto asistenciais coma non asistenciais, adoptando procesos e criterios para a súa identificación, análise, tratamento e avaliación.
- Compromiso para a consulta e participación dos traballadores e dos seus representantes.
- Promover a notificación de incidentes e suxestións de mellora.
- Compromiso de mellora continua do sistema.

Por todo iso, a Dirección da empresa establece os seguintes compromisos:

- Cumprir os requisitos legais e outros de carácter voluntario relacionados coa seguridade e a saúde no traballo, a calidade e o medio ambiente.
- Asegurar que se establecen os procesos necesarios na organización para a consulta e a participación dos traballadores, e os necesarios para poder levar a cabo a integración da actividade preventiva a todos os niveis da organización. • Buscar a excelencia na atención e servizo ao paciente.
- Crear espazos laborais inclusivos e igualitarios, libres de discriminación e de violencias como o acoso, para poder xestionar mellor a diversidade en condicións de sustentabilidade.
- Contribuír ao desenvolvemento sostible e á prevención da contaminación mediante políticas ambientais limpas.
- Avaliar, mitigar e eliminar os posibles riscos derivados de análises periódicas para manter un lugar de traballo seguro.
- Promover a formación dos traballadores/as para favorecer o correcto desempeño das súas funcións.
- Fomentar a participación dos traballadores/as e dos seus representantes nos elementos do sistema integrado de xestión.
- Facer da mellora continua unha ferramenta fundamental na organización para a mellora de procesos e procedementos.
- Favorecer a actuación preventiva e de promoción da saúde.
- Promover a implementación do Sistema de Xestión de Seguridade da Información e o novo Esquema de Nacional de Seguridade (ENS), que permite dispoñer de referencias de ciberseguridade e resiliencia con garantía acreditada.

Esta política de xestión será revisada de forma anual pola Dirección para asegurar que o seu contido é plenamente vixente, que está en consonancia coa misión, a visión e os valores da organización e que é coherente coa estratexia empresarial de HESTIA ALLIANCE e coas expectativas dos nosos clientes.

Dirección
David Macià
Director Ejecutivo



24 de febrero de 2023